

Un pequeno paseo que nos descobre un rico patrimonio

O BOSQUE DE RIBEIRA CONSERVA A RIQUEZA DO RÍO

Os bosques de ribeira semellan gardar o río como un tesouro. As árbores, forman un estreito corredor verde que se estende ao longo do leito do río Té. Este bosque cumpre un papel fundamental para axudar a conservar os nosos ríos.

O río Té e as súas árbores dannos calidade de vida

As árbores fixan as marxes coas raíces, evitando a erosión e filtrando determinadas augas contaminantes. Tamén axudan a regular a temperatura das augas do río, manténdoa case constante, serven de refuxio e despensa de alimentos para unha gran diversidade de animais e actúan como corredores de vida ao facilitaren a dispersión das especies e comunicaren os distintos lugares do territorio, diversificando a paisaxe. En resumo, coidan o ecosistema ofrecéndonos suministro de auga, aire puro, lugares para o baño e o paseo... No río, as árbores autóctonas e de folla caduca, están adaptadas á presenza case permanente de auga nas súas raíces, sustentando moita diversidade de vida e asegurando o equilibrio. Neste itinerario acompañan á abeleira, o carballo, o loureiro, a sobreira...



Ameneiro (*Alnus glutinosa*)
Pode alcanzar ata 25 m de altura e as súas raíces, fixan o nitróxeno da atmosfera, arriquecendo enormemente o solo onde viven.



Freixo (*Fraxinus angustifolia*)
A súa madeira, doada de traballar, usábase para facer os mangos das ferramentas e tamén para os eixos dos carros.




Salgueiro (*Salix atrocinerea*)
Da súa casca extraíase a salicina para elaborar o ácido acetil-salicílico e ademais as súas longas e flexibles polas sirven para facer cestas tradicionais.

Mais neste bosque non todo son árbores e baixo a súa cuberta numerosas plantas tinguen de cor o bosque:



Menta de auga (*Mentha aquatica*)
Ule moi ben e empregase en infusión para facilitar a dixestión e para aliviar as picaduras de estrugas.



Xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*)
Utilízase para facer vasoiras antigamente. Os seus froitos son tóxicos, mais o seu rizoma en infusión mellora a circulación e é antiinflamatorio.

Intrusos no río

As especies exóticas e invasoras vexetais pódense converter nunha grande ameaza que desprace ás especies nativas ou autóctonas. Neste itinerario poderemos ver algunhas especies como o eucalipto, o falso bambú, a tritonía, as acacias e mimosas, uva das américas..



Uva das américas (*Phytolacca americana*)
Procedente do centro e leste dos Estados Unidos é unha especie invasora en Inglaterra, Italia e outros lugares de Europa e pode causar graves perdas como mala herba nos cultivos

A CONSERVACIÓN DESTE ESPAZO NATURAL DEPENDE DE TODA A VECIÑANZA

Estes son algúns consellos que debemos ter en conta para evitar causar danos innecesarios neste importante espazo natural:

- Respecta a natureza e os seres vivos que aquí habitan, non molestes os animais nin arrinques plantas e intenta deixar todo tal e como estaba. Se recolles xogomelos, faino con responsabilidade.
- Recolle o lixo que xeres e depositao no contedor ou nunha papeleira e se é posible sepárao para reciclar.
- Non abandones os camiños para evitar danar a flora ou a fauna.
- Reduce o ruído para non espantar á fauna nin molestar a outras persoas.
- O lume pode destruír a vida. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
- Non abandones animais exóticos nin mascotas, causan un dano irreparable no equilibrio ecolóxico da natureza.
- Non circules co coche, a motocicleta ou o quad por fóra das estradas, e por estas faino a unha velocidade moderada.
- Goza deste espazo natural e do contacto coa natureza. Volve e descóbree noutras épocas do ano.



MÁIS INFORMACIÓN E NÚMEROS DE INTERESE

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Policía local: 981 86 06 25 / 609 86 22 22
- Concello: 981 86 00 75
- Web: www.concelloderianxo.gal



Versión en castellano por el otro lado del panel

